

# ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E OITO DE DECEMBRO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO.

## SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D<sup>a</sup>. MARGARITA DEVESA CARDELLE  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e quince minutos do día vinte e oito de decembro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

## ORDE DO DÍA

### **1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trece de decembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

### **2º.- Instancias de obras de particulares.**

2.1.- Instancia núm. 201200000001691 de don José Manuel Cutrín Ares.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para a construción dun alboio no lugar de Bazar, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 10% da parcela neta, núm. Plantas B. Altura máxima da cornixa menor a 4,00 m e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Brais Vázquez Brey cun orzamento de 9.912,76 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses, e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado. En cumprimento do artigo 104 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a fachada irá recibada e pintada, e a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona, debendo colocar tella na cuberta. Ademais a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3,00 m debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais, e en ningún caso poderá ser utilizado para usos residenciais.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento noventa e oito euros con vinte e sis céntimos (#198,26#).

#### 2.2.- Instancia núm. 201200000001748 de dona Purificación Castelao Pérez.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Cristovo de Merín, solicita licenza para a construción dun cerramento, de aproximadamente 246 m de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Rosende, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 m de distancia dende o eixe da vía situada pola cara leste da parcela e 5,00 m dende o eixe da vía pola cara norte. Garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia. Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso. En cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos vinte e un euros con dez céntimos (#221,10#)

#### 2.3.- Instancia núm. 201200000001771 de dona M<sup>a</sup> del Rosario Cutrín Núñez.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación de alboio, de aproximadamente 36 m<sup>2</sup> en planta, consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella, situado en Pousada de Abaixo, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns. En cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais, de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

#### 2.4.- Instancia núm. 201200000001475 de don Miguel Angel Camino Bouzón.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Trobe, solicita licenza para a legalización dun alboio e muro de cerramento, en Trobe, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 10% da parcela neta; núm. Plantas B. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto

presentado redactado polo arquitecto don Carlos Lortes Gómez cun orzamento de 11.829,61 euros.

O prazo para o inicio e remate das obras será de seis meses

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, enfuscaranse e pintaranse e a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos trinta e sete euros con oitenta e cinco céntimos(#237,85#)

### **3º.- Acordo, se procede, sobre cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento destinado a panadaría en Illobre.**

Vista a solicitude presentada por dona María Carmen Cajaraville Sánchez, para transmisión da titularidade da licenza de apertura de establecemento destinado a panadaría, sito en Viño grande (Illobre), neste termo municipal, a favor de don Arturo Cajaraville Gómez.

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 01/08/1958, tendo en conta que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que, no seu día, determinaron a concesión da licenza.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de douscentos corenta euros con corenta céntimos (#240,40#) xa ingresada nas arcas municipais.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ao transmitinte e ao adquirente.

### **4º.- Acordo, se procede, sobre concesión de autorización para a posta en funcionamento de residencia canina en San Mamede de Ribadulla.**

Téndose concedido por esta Xunta de Goberno Local, en sesión de data 26 de setembro de 2012, licenza para a actividade solicitada por dona Helena Fachal Pereira para residencia canina en Neira de Abaixo (San Mamede de Ribadulla).

Á vista da solicitude presentada para a autorización de posta en funcionamento, establecida nos artigos 18 e seguintes do Decreto 156/1995, do 3 de xuño, de inspección ambiental, e tendo en conta que se acompaña á solicitude a certificación final de obra e actividade, así coma o informe de cumprimento de normativa sobre contaminación acústica.

Téndose levantado acta de comprobación de data 20 de decembro de 2012, e á vista do contido da mesma.

A Xunta de Goberno acorda autorizar a posta en funcionamento da actividade solicitada por dona Helena Fachal Pereira para residencia canina en Neira de Abaixo (San Mamede

de Ribadulla), se ben deberá achegar as solicitudes de inscrición no rexistro de Augas de Galicia, para a captación da auga do pozo, e de vertido, para a fosa séptica.

**5º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a adxudicación do contrato de servizos consistente na asistencia urbanística no desenvolvemento do plan de sectorización do parque empresarial de Vedra e outros.**

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a adxudicación do contrato de servizos consistentes na asistencia urbanística no desenvolvemento do plan de sectorización do parque empresarial de Vedra e outros, mediante procedemento negociado sen publicidade, cun prazo de duración dun ano.

A Xunta de Goberno acorda aprobar os citados pregos.

**6º.- Facturas varias**

Dáse conta das seguintes facturas e gastos:

Núm. Factura	Provedor/Acreedor	Importe	Descrición
A-334	Servides-J.C. Barreiro Garcia	798,60 €	Servizo desratización-desinfección do CPI de Vedra
58	Grupo Acofide, SC	5.974,38 €	Xestión do polideportivo municipal mes outubro
167	Agrupación de Deportistas Veteranos de Santiago	2.932,00 €	Arbitraxe liga fútbol sala 2011/12 meses xaneiro a xuño con achegas dos participantes
3.120.810.393.490	Unión Fenosa Comercial, S.L.	362,76 €	Subministro a campo fútbol S. Mamede xullo e agosto
3.120.810.377.000	Unión Fenosa Comercial, S.L.	1.359,42 €	Subministro a piscina municipal meses xullo - agosto
1.121.010.278.029	Gas Natural, SA	259,43 €	Subministro ao centro saúde de Vedra mes setembro
1.121.010.353.221	Gas Natural, SA	196,06 €	Subministro ao centro saúde Sta. Cruz mes setembro
A626	Webmasg, S.L. - App Informática	86,50 €	SAI para o ordenador central das oficinas xerais
0180/12	Montajes Eléctricos Vizcaíno, S.L.	2.358,47 €	Mantemento alumeadado público mes novembro
12/14	Freiría Suárez José María	777,32 €	Servizos de limpeza no verán 2012 (23/07 a 23/08)
12/15	Freiría Suárez José María	3.795,13 €	Servizos de limpeza mes novembro
20.125.229	Dapp Publicaciones Juridicas, SL	183,04 €	Subscrición ao manual <i>Guía del Interventor Local</i>
K12/4756	Com.Extintores Galicia SL	87,12 €	Recarga extintores casa 3ª Idade
K12/4757	Com.Extintores Galicia SL	19,36 €	Recarga extintores punto limpo
K12/4758	Com.Extintores Galicia SL	19,36 €	Recarga extintores oficina turismo
K12/4759	Com.Extintores Galicia SL	37,51 €	Recarga extintores biblioteca
k12/4766	Com.Extintores Galicia SL	28,44 €	Recarga extintores casa do Concello
K12/4752	Com.Extintores Galicia SL	104,06 €	Recarga extintores de Protección Civil
K12/4750	Com.Extintores Galicia SL	38,72 €	Recarga extintores telecentro
K12/4751	Com.Extintores Galicia SL	56,27 €	Recarga extintores da ludoteca
K12/4748	Com.Extintores Galicia SL	61,49 €	Recarga extintores da gardería
K12/4747	Com.Extintores Galicia SL	65,46 €	Recarga extintores da nave de Trobe
K12/4760	Com.Extintores Galicia SL	28,44 €	Recarga extintores casa cultura de Santa Cruz

K12/4761	Com.Extintores Galicia SL	59,90 €	Recarga extintores pavillón municipal
K12/4762	Com.Extintores Galicia SL	82,28 €	Recarga extintores do centro de saúde de Vedra
K12/4763	Com.Extintores Galicia SL	47,19 €	Recarga extintores escolas S.Fins-S.Xian-S.Miguel
K12/4764	Com.Extintores Galicia SL	66,55 €	Recarga extintores CEIP de Santa Cruz
K12/4765	Com.Extintores Galicia SL	187,55 €	Recarga extintores CPI de Vedra
K12/4755	Com.Extintores Galicia SL	19,36 €	Recarga extintores escola música Santa Cruz
K12/4754	Com.Extintores Galicia SL	38,72 €	Recarga extintores piscina municipal
K12/4753	Com.Extintores Galicia SL	29,65 €	Recarga extintores centro saúde Santa Cruz
K12/4749	Com.Extintores Galicia SL	48,40 €	Recarga extintores casa cultura San Miguel
VD 11/2012	Ana Naya Garcia. S.L.	6.172,30 €	Servizo gardería na escola infantil mes novembro
1.201.082.961	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	15,25 €	Regularización IPC meses setembro a decembro do alugamento locais estación de Sta.Cruz
W001122	Ricoh España, SLU	52,79 €	Copias máquina Servizos Sociais meses setembro a novembro
120.434	Grafinova Artes Graficas	57,48 €	Traballos para concurso de doces caseiros 2012
3.121.010.031.947	Unión Fenosa Comercial, S.L.	407,04 €	Subministro á casa do concello mes setembro
3.121.010.036.502	Unión Fenosa Comercial, S.L.	1.202,66 €	Subministro ao CPI de Vedra mes setembro
3.121.010.038.005	Unión Fenosa Comercial, S.L.	440,92 €	Subministro á depuradora S. Xián mes setembro
3.121.010.045.431	Unión Fenosa Comercial, S.L.	211,54 €	Subministro á gardería mes setembro
10/2012	Unión Fenosa Comercial, S.L.	3.854,14 €	Fras.subministro a 5 alumeados públicos xullo-agosto
1.121.010.116.645	Gas Natural, SA	54,50 €	Subministro á reitoral de Ponte Ulla mes setembro
10/2012	Gas Natural, SA	11.216,91 €	Fras. de outubro por subministro alumeados públicos
251.112	Bushi - Kai	471,90 €	Clases de karate mes novembro
66	Grupo Acofide, SC	5.974,38 €	Xestión do polideportivo municipal mes novembro
0702C3138	Acredores diversos	12,48 €	Ticket de Eroski por produtos para madrugadores
2130C3263	Acredores diversos	19,05 €	Ticket de E/City por produtos para madrugadores
8	Suárez Barreiro Pilar	1.314,87 €	Atención-mantemento do albergue mes novembro
417	Viajes Peillet S.L.	357,50 €	Servizo autobús para viaxe 3ª Idade ás termas en Ourense, con achegas participantes
1.201.082.960	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	39,65 €	Regularización IPC ano 2012 aluguer locais estación de Sta. Cruz
P 208.354	Editorial Compostela, SA	307,63 €	Concerto publicitario ano 2012 mes novembro
R 124230	Cotelga S.L.-Comercial Hosteleria Gallega	251,68 €	Produtos de aseo para a casa do concello en novembro
S12/128826	La Voz de Galicia, S.A.	32,00 €	Subscrición a <i>La Voz de Galicia</i> mes novembro
12-1404	Puente Ulla S.L.	32,00 €	Gasolina para maquinaria de Protección Civil mes novembro
12-1407	Puente Ulla S.L.	34,51 €	Gasolina para maquinaria da brigada verde en novembro

12-1406	Puente Ulla S.L.	7,50 €	Gasolina para maquinaria da brigada de obras en novembro
12-1405	Puente Ulla S.L.	1.788,16 €	Gasolina para camión recollida lixo mes novembro
3.012.000.739	Maquinaria Agrícola del Noroeste S.L.	367,44 €	Revisión tractor John Deere E7264BFN en novembro
28-L282-187917	Telefónica Mviles España, S.A.	487,15 €	Fra. de decembro por servizos de telefonía móbil
0619/E12	Talleres San Fins S.L.	1.232,79 €	Arranxos das desmalezadoras en novembro
0618/E12	Talleres San Fins S.L.	128,87 €	Arranxos retroexcavadora en novembro
0617/E12	Talleres San Fins S.L.	39,93 €	Arranxos desmalezadora brigada verde en novembro
201.200.177	Ferretería Botana - Botana Granja Manuel	29,15 €	Materiais para arranxos no CPI de Vedra
09/C-023/2012	Sanchez Lojo Delio	302,50 €	Clases de debuxo e pintura mes decembro
465	Sociser Galicia, S.L.	4.793,94 €	Servizo asistencial a domicilio mes novembro
2012/2996	Sogama S. A.	7.522,97 €	Tratamento de residuos mes novembro
09/2012	Gas Natural, SA	11.136,69 €	Fras. de setembro por subministro ao alumeadado público
2333506/01	Editorial Compostela, SA	41,00 €	Subscrición a <i>El Correo Gallego</i> mes decembro
89.461.030.002	DTS, SA (Digital +)	26,56 €	Servizo TDT e Canal+ casa 3ª Idade en decembro
12/0949	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	231,00 €	Servizos prestados no punto limpo mes novembro
5.219.437	Acredores diversos	136,80 €	Fra.de Toner24.es por tóner para impresora do Xulgado
64.312	Electro Bermudez-Jose Bermudez Reboredo	59,00 €	Microondas para a gardería municipal
645.102	Electro Bermudez-Jose Bermudez Reboredo	7,00 €	Cintas de vídeo para a semana da ciencia 2012
6.360	Acredores diversos	11,56 €	Ticket de E/City por produtos para madrugadores
4.637	Acredores diversos	14,44 €	Ticket de E/City por produtos para madrugadores
19.819	Restaurante Hostal Ateneo, S.L.	552,00 €	Comidas excursión 3ª Idade a termas de Outariz en decembro, con achegas dos participantes
2012-66	Ibernisha, S.L.	207,00 €	Entradas ás termas de Outariz (excursión 3ª Idade), con achegas dos participantes
04/2012	Asociación Club de Maiores	500,00 €	Actuación dentro da rede cultural da Deputación 2012
345/12	Talleres y Repuestos Barco S.L.	105,63 €	Materiais para maquinaria da brigada verde e outros
604	Frutas Compostela, S.L.	189,28 €	Castañas para o magosto 2012 da 3ª Idade
4.001.027.709	S. E. Correos y Telegrafos S.A.	360,49 €	Servizo de franqueo pagado mes novembro
FV-10/12	García Cabal Guadalupe J.	600,00 €	Clases manualidades mes outubro
FV-11/12	García Cabal Guadalupe J.	600,00 €	Clases manualidades mes novembro
FV-12/12	García Cabal Guadalupe J.	600,00 €	Clases manualidades mes decembro
201.222.256	Ferretería Botana - Botana Granja Manuel	1,75 €	Ticket por produtos para a ludoteca en decembro
4.027.361	Acredores diversos	16,86 €	Ticket de E/City por produtos para a ludoteca
1.201.091.077	ADIF - Administrador de Infraestructu-	216,83 €	Alugamento locais estación Santa

	ras Ferroviarias		Cruz mes decembro
1.121.012.619.909	Gas Natural, SA	39,15 €	Subministro á nave de Trobe mes outubro
1.121.110.072.483	Gas Natural, SA	10,38 €	Subministro á estación bombeo Socastro mes outubro
1.121.012.482.093	Gas Natural, SA	157,36 €	Subministro ao punto limpo mes outubro
32 8996	Ulla-Oil S. L.	1.914,25 €	Gasoleo C para a biblioteca servido en decembro
32 9044	Ulla-Oil S. L.	729,60 €	Gasoleo C para a gardería servido en decembro
W054859	Ricoh España, SLU	167,36 €	Cota fixa fotocopiadora S.Sociais dec/12-feb/13
W054860	Ricoh España, SLU	310,00 €	Cota mínimos fotocopiadoras ofic. xral. mes dec.
S/832	Ballestas del Tambre, S.L.	481,82 €	Arranxo camión recollida lixo en novembro
TA4670045454	Telefónica de España, SAU-Movistar	30,11 €	Servizo telefonía fixa en sede Protección Civil
12/2012	Telefónica de España, SAU-Movistar	868,81 €	12 fras. de decembro por servizos telefonía fixa
112.101.269.105	Gas Natural, SA	16,66 €	Subministro oficina turismo outubro (regularizado)
11/2012	Gas Natural, SA	346,08 €	3 fras. por subministro a centros de saúde mes outubro
11/2012	Gas Natural, SA	59,66 €	9 fras. subministro edificios cultura mes outubro
112.110.504.737	Gas Natural, SA	130,78 €	Subministro á reitoral de Ponte Ulla mes outubro
1.121.012.544.871	Gas Natural, SA	238,29 €	Subministro á ludoteca mes outubro
11/2012	Gas Natural, SA	636,73 €	Subministro a escolas mes outubro
3.121.110.018.241	Unión Fenosa Comercial, S.L.	346,61 €	Subministro á depuradora S. Xian mes outubro
3.121.010.408.357	Unión Fenosa Comercial, S.L.	216,38 €	Subministro á gardería mes outubro
3.121.110.002.049	Unión Fenosa Comercial, S.L.	467,38 €	Subministro á casa do concello mes outubro
3.121.110.133.279	Unión Fenosa Comercial, S.L.	108,43 €	Subministro ao CEIP de Santa Cruz meses setembro e outubro.
3.121.110.005.346	Unión Fenosa Comercial, S.L.	1.459,57 €	Subministro ao CPI de Vedra mes outubro
11/2012	Unión Fenosa Comercial, S.L.	1.785,06 €	Fras. subministro a 5 alumeados públicos mes outubro
3.121.110.081.504	Unión Fenosa Comercial, S.L.	396,82 €	Subministro e acceso a bombeo en Sol mes outubro
3.121.010.405.024	Unión Fenosa Comercial, S.L.	753,29 €	Subministro a campo fútbol S. Mamede en setembro e outubro.
3.121.010.398.448	Unión Fenosa Comercial, S.L.	329,96 €	Subministro á piscina municipal meses setembro e outubro
11/2012	Gas Natural, SA	14.712,99 €	Fras. novembro por subministro alumeados públicos
2012/109	Xestedec Comunicación	726,00 €	Organización acto Semana da Ciencia 2012
0101-1201329	Coregal - COGAMI Reciclado de Galicia S.L.	33,99 €	Recollida residuos en punto limpo en novembro
43	Camino Bouzon Miguel Angel	65,34 €	Traballos realizados en local social de San Pedro
44	Camino Bouzon Miguel Angel	21,78 €	Traballos en calefacción escola S. Fins en outubro
55	Camino Bouzon Miguel Angel	344,85 €	Traballos en campo fútbol S. Mamede e pavillón municipal
56	Camino Bouzon Miguel Angel	798,60 €	Traballos no CPI de Vedra en novembro

57	Camino Bouzon Miguel Angel	84,70 €	Traballos en local social de Illobre en novembro
0	Camino Bouzon Miguel Angel	223,85 €	Traballos no centro de saúde en novembro
59	Camino Bouzon Miguel Angel	1.830,73 €	Traballos en traída augas de San Fins en novembro
60	Camino Bouzon Miguel Angel	108,90 €	Traballos en campo festa de San Miguel en nov.
97	Asociación Galega Fanfarra de Soños	300,00 €	Actuación dentro Rede Cultural Deputación 2012
D00184	Hierros Diego, S.L.	61,59 €	Materiais para obra en nave de Trobe
A34	Núñez Rua Manuel-Claudio O Terron	551,01 €	Produtos e materiais de limpeza CPI e outros
506	Drogueria-Ferreteria El Sol, SL	22,70 €	Poleas para a brigada de obras (coa abstención da Presidencia por ser parte interesada)
507	Drogueria-Ferreteria El Sol, SL	350,00 €	Cociña de gas para actividades diversas (coa abstención da Presidencia por ser parte interesada)
9	Suárez Barreiro Pilar	1.314,87 €	Atención-mantemento do albergue mes decembro
	Beatriz García Rey	200 €	Actuación na cea-baile da 3ª Idade o 22/12/12
	S.D. Compostela	125€	Entradas encontro solidario
	Carlos J. Sanmartin Carrera	50€	Quilometraxe meses de xullo a decembro
	Mª. Lidia Carpinteiro Quintas	27,36€	Quilometraxe de xullo a decembro
	Carmen A. Sabio Sanz	93,05€	Quilometraxe de novembro
	Lucía Sevio Gómez	76€	Quilometraxe de novembro
	Ana Mª. Aldrey Pereira	6,05€	Gastos aparcadoiro
	Carlos J. Sanmartín Carrera	166,5€	Fondo social (oftamoxía) segundo bases orzamento (75%)
	Sonia Gamás Villanueva	97,5€	Fondo social (odontoloxía) segundo bases orzamento (75%)
	Ana Mª. Aldrey Pereira	37,5€	Fondo social (odontoloxía) segundo bases orzamento (75%)
	Mercedes Pereiras Caldelas	130,5€	Fondo social (odontoloxía) segundo bases orzamento (75%)
	Mesa de Contratación	544,54€	Asistencias contrato camión compactador recollida de lixo
	Comisión Avaliadora subvencións deportivas	84,63€	Asistencias do 28/11/2012

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas e gastos.

## 7º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

7.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catorce de decembro do ano que andamos, pola que se lle adxudica a Nissan Iberia, S.A con domicilio en Madrid, o contrato de subministro dun vehículo todoterreo para Protección Civil e protección do medio ambiente no Concello de Vedra, no prezo de trinta e dous mil oitocentos oitenta euros con trinta céntimos (#32.880,30#) máis seis mil novecentos catro euros con oitenta e seis céntimos (#6.904,86#) de IVE, que supón unha baixa de catorce euros con oitenta e catro céntimos (#14,84#) sobre do tipo.

A Xunta de Goberno dáse por informada.



7.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezanove de decembro do ano que andamos, pola que se aproban as bases da convocatoria que rexerán o proceso de selección dunha praza de técnico informático, con contrato por obra ou servizo de duración determinada, tres meses, a xornada completa, subvencionado polo programa para actividades xeral de promoción económica da Deputación da Coruña.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte de decembro do ano que andamos, pola que se publica a lista provisional e definitiva de candidatos admitidos na praza de técnico informático mediante a modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo, a tempo completo e cunha duración de tres meses para impartir cursos de informática, désígnanse os membros da Mesa de Selección e fíxase día, hora e lugar de celebración das probas correspondentes.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de decembro do ano que andamos, pola que se aproba a conta xustificativa da subvención concedida a este concello ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 4 de maio de 2012, para un vehículo todoterreo para Protección Civil e protección do medio ambiente no concello de Vedra.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

Conclúe ao fío das catorce horas.